

CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

DECRETO NÚM. 391/2022 DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA POLO QUE SE APROBA O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESBROCE MECANIZADO DO CONCELLO DE MEIRA.

Vista a documentación existente no expediente resultan relevantes os seguintes:

I.- FEITOS:

Primeiro.- En data 25 de maio de 2023, o Concello de Meira e a Consellería de Medio Rural levaron a cabo a formalización do convenio de colaboración interadministrativo para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024.

En virtude dese convenio, o Concello de Meira recibe unha achega por importe de 22.080 € para a realización dos traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado para unhas 69 ha.

Segundo.- En data 3 de xullo de 2023, o Alcalde do Concello de Meira dita providencia na que ordena a incoación do expediente para a contratación do servizo de desbroce mecanizado do Concello de Meira do ano 2023 e que se acheguen ao expediente todos aqueles informes que sexan necesarios para a súa aprobación así como os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas.

Terceiro.- En data 3 de xullo de 2023 achéganse ao expediente os pregos de prescrición técnicas, os de cláusulas administrativas así como os informes de Secretaría e Intervención.

II.- FUNDAMENTOS:

Primeiro.- Á vista do valor estimado do contrato, 20.080 €, o órgano competente para levar a cabo a contratación e tramitar o expediente de acordo ao disposto na Disposición Adicional II da LCSP será a alcaldía xa que o importe da contratación é inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento do Concello para o ano 2023.

Segundo.- Por Decreto do Alcalde do Concello de Meira número 356/2023 delegouse a competencia sinalada anteriormente na Xunta do Goberno Local, coa seguinte redacción:

“As contratacións e concesións de toda clase por importe superior a 30.000€, cando o seu importe non exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos.”

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións outorgadas pola lexislación en materia do réxime local, este Alcalde, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do “Servizo de desbroce mecanizado do Concello de Meira”, por un valor estimado de 22.080 €, máis 4.636,80 € en concepto de IVE, cun prezo total de 26.716,80 €.

Segundo.- Que se publiquen os documentos relativos á licitación no Perfil do Contratante do Concello de Meira aos efectos de que as posibles empresas licitadoras poidan achegar as súas ofertas no procedemento.



CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n
27240 Meira
Lugo
Teléf/Fax.: 982 330 102
CIF: P2702900H
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es



Concello
de Meira

Terceiro.- Que se dea conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.

Así o mandou o Alcalde do Concello de Meira, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretaria Interventora Accidental, dou fe.

Meira, 4 de xullo de 2023

A secretaria accidental

Pilar Rozas Alonso

O alcalde

Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electronicamente

